

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**2979** *Real decreto 95/2019, do 1 de marzo, polo que se establecen as condicións de contratación no sector lácteo e se regula o recoñecemento das organizacións de produtores e das organizacións interprofesionais no sector, e polo que se modifican varios reais decretos de aplicación ao sector lácteo.*

O Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación, é a normativa básica que regula no noso país as medidas do chamado «paquete lácteo». Elaborouse axustándose ao establecido na normativa da Unión Europea de referencia nese momento.

Posteriormente, mediante o Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, ditáronse un conxunto de disposicións da Unión Europea entre cuxos obxectivos principais se encontraban mellorar o equilibrio da cadea de valor e reforzar a posición negociadora dos produtores.

Co obxecto de actualizar as disposicións de aplicación do paquete lácteo no Reino de España ao novo regulamento, publicouse o Real decreto 125/2015, do 27 de febreiro, polo que se modifica o Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, que introduciu unha serie de adaptacións e modificacións sobre a norma orixinal.

A Comisión Europea publicou dous informes sobre a aplicación das medidas do paquete lácteo. O primeiro, en 2014, sobre os primeiros pasos dados polos Estados en aplicación do «paquete lácteo», e o segundo, previsto inicialmente para o ano 2018, adiantado ao mes de novembro de 2016 ante a difícil situación de mercado que atravesaba o sector lácteo. A principal conclusión do informe é a recomendación de ampliar a aplicación das medidas que ofrece o «paquete lácteo» máis alá de 2020.

Este informe, ademais, anima os Estados membros a tomar as medidas necesarias para fomentar a creación de organizacións de produtores que realicen actuacións colectivas, aumentando o peso dos produtores na cadea de subministración de leite.

Paralelamente, as conclusións do grupo de traballo «Agricultural Markets Task Force», da Comisión, para a avaliación do funcionamento da cadea alimentaria e da posición dos produtores nela, adoptadas no Consello de Ministros de decembro de 2016, inciden na necesidade de mellorar o equilibrio da cadea de valor, reforzando a posición dos produtores nela. Coincide cos informes da Comisión sobre o funcionamento do paquete lácteo na necesidade de reforzar o papel das organizacións de produtores.

Máis tarde publicouse o Regulamento (UE) 2017/2393, polo que se modifican os regulamentos (UE) n.º 1305/2013, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader); (UE) n.º 1306/2013, sobre o financiamento, xestión e seguimento da política agrícola común; (UE) n.º 1307/2013, polo que se establecen as normas aplicables aos pagamentos directos aos agricultores en virtude dos réximes de axuda incluídos no marco da política agrícola común; (UE) n.º 1308/2013, polo que se crea a organización común de mercados dos produtos agrarios, e (UE) n.º 652/2014, polo que se establecen disposicións para a xestión dos gastos relativos á cadea alimentaria, á saúde animal e ao benestar dos animais, e relativos á fitosanidade e aos materiais de reprodución vexetal. Novamente a normativa da Unión Europea avanza en cuestións relacionadas coa mellora do equilibrio na cadea.

No plano nacional, por outra banda, avanzaouse na definición do sistema de infraccións e sancións nas declaracións obrigatorias e na contratación no sector lácteo, incluída na disposición adicional sétima da Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico.

En virtude do anteriormente exposto, considérase preciso reforzar o papel das organizacións de produtores, fortalecer as condicións de negociación dos contratos por parte destas e mellorar a súa posición na cadea de valor. Para iso, é necesario clarificar as circunstancias en que esta ten lugar, así como as súas consecuencias e as exixencias que comporta para as partes negociadoras.

Por outro lado, convén adaptar a normativa nacional a certas modificacións incluídas no Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro, no que afecta o sector lácteo. En particular, nas relacións contractuais, cando un Estado membro decida facer obrigatorio un contrato por escrito para a entrega de leite cru, poderá establecer unha obriga para as partes de acordar unha relación entre a cantidade de leite entregado e o prezo que se pagará. Así mesmo, na regulación das organizacións interprofesionais valórase para o seu recoñecemento que establezan cláusulas de valor que determinen como se deben repartir beneficios e perdas ante calquera evolución dos prezos.

Tamén, para unha maior claridade xurídica, convén incluír nesta norma a nova opción outorgada ás organizacións e asociacións de produtores de solicitar, en caso da aplicación do artigo 209 do citado Regulamento (UE) n.º 1308/2013, do 17 de decembro, o ditame da Comisión Europea sobre a compatibilidade dos acordos, das decisións e prácticas concertadas adoptadas cos obxectivos do artigo 39 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, así como as referencias actualizadas ao sistema de infraccións e sancións.

España optou desde un principio polo establecemento obrigatorio das relacións contractuais no sector lácteo. Deste xeito, exíxese que todo o leite cru que se comercialice en España sexa nun contrato nas condicións establecidas nesta norma. Convén, non obstante, aclarar que esa exixencia non afecta o leite cru vendido polo produtor directamente ao consumidor final ou utilizado para a elaboración de produtos lácteos nunha industria alimentaria do produtor.

A longa traxectoria en España dos contratos trae consigo unha experiencia acumulada durante catro anos de aplicación do contrato obrigatorio no sector lácteo e dous máis desde a última reforma do paquete lácteo, que puxo en evidencia a necesidade de realizar certas modificacións para mellorar e adaptar o sistema de contratación.

Por outra parte, para completar o exercicio de transparencia e equilibrar as exixencias no marco do paquete lácteo ao longo da cadea de valor, considérase imprescindible avanzar na información que se vai subministrar ao sistema unificado de información do sector lácteo (Infolac). Para iso, procede modificar o Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre as declaracións obrigatorias que efectuarán os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, para incluír un novo artigo que obrigue os primeiros compradores de leite a declarar as cantidades de leite sen transformar, que inclúe tanto o leite cru como aquel que foi sometido a quentamento ata 68° C e que segue sendo positivo á proba da fosfatasa alcalina, que eles mesmos venderon ao seguinte elo da cadea. Esta información permitirá mellorar o coñecemento sobre a formación do prezo do leite na cadea de valor, ben que non se fará pública en ningún momento de xeito desagregado.

Por último, o Real decreto 198/2017, do 3 de marzo, polo que se modifican o Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo, e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo; o Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que

deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra; o Real decreto 1528/2012, do 8 de novembro, polo que se establecen as normas aplicables aos subprodutos animais e aos produtos derivados non destinados ao consumo humano, e o Real decreto 476/2014, do 13 de xuño, polo que se regula o Rexistro nacional de movementos de subprodutos animais e os produtos derivados non destinados ao consumo humano, eliminou a obrigatoriedade de realizar determinadas análises de calidade do leite cru (punto crioscópico, graxa, proteína, extracto seco magro), limitándoas unicamente á parte sanitaria (células, xermes e antibióticos).

Como lóxico corolario do exposto, mediante o Real decreto 191/2018, do 6 de abril, polo que se establece a transmisión electrónica de datos das prescricións veterinarias de antibióticos destinados a animais produtores de alimentos para consumo humano, e se modifican diversos reais decretos en materia de gandaría, elimínase a obriga de notificar á base de datos Letra Q os resultados de laboratorio das citadas análises de calidade.

Situación idéntica acontece no caso do leite de ovella e cabra, coa eliminación das citadas análises no Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra.

Como queira que a eliminación destas análises podería crear problemas na transparencia e na confianza nas transaccións comerciais no sector lácteo, procede a súa reincorporación, volvendo introducir as obrigas descritas nos citados reais decretos.

En relación tamén co Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, debe realizarse unha modificación de carácter técnico para actualizar o método de cálculo dos xermes totais (UFC/ml) con base nos resultados dun estudo realizado polo laboratorio europeo de referencia para o leite e os produtos lácteos.

O proxecto de norma figuraba inicialmente no Plan anual normativo como unha modificación parcial do Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro. Porén, froito da análise das súas implicacións, dada a entidade das modificacións que se deben realizar e de cara a facilitar a súa comprensión, decidiuse derrogar o citado real decreto e substituílo por enteiro pola presente norma. Ademais, de cara á simplificación administrativa, procede incorporar a este real decreto o contido da Orde ARM/3159/2011, do 11 de novembro, pola que se regula o Rexistro nacional de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de leite, que tamén se derroga, mellorando con iso a seguridade xurídica e o coñecemento do ordenamento por parte dos operadores.

Na elaboración deste real decreto observáronse os principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; os principios de necesidade e eficacia posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen; o principio de proporcionalidade xa que contén a regulación imprescindible para atender ás necesidades que se pretenden cubrir, e o principio de seguridade xurídica xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea. Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, posto que asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e transparencia ao terse garantido unha ampla participación na súa elaboración.

No proceso de elaboración desta norma realizáronse os trámites preceptivos de consulta pública previa e de audiencia e información públicas. Así mesmo, foi sometida á consulta das comunidades autónomas e dos sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de marzo de 2019,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

**Disposicións preliminares**

Artigo 1. *Obxecto.*

O presente real decreto ten como obxecto establecer a normativa básica aplicable:

- a) Ás relacións contractuais na cadea de produción e subministración de leite.
- b) Ao recoñecemento de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de leite, en diante organizacións e asociacións, respectivamente, e das organizacións interprofesionais no sector lácteo.
- c) Ás actividades que levarán a cabo as organizacións interprofesionais do sector lácteo.
- d) Á mellora da transparencia no sector lácteo, entendendo como tal a dispoñibilidade en tempo real de información veraz e obxectiva e o acceso a esta en igualdade de condicións para compradores e vendedores de leite.
- e) Á regulación da oferta de queixos con denominación de orixe protexida (DOP) ou indicación xeográfica protexida (IXP).

Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos deste real decreto serán de aplicación as seguintes definicións:

- a) Comercialización: a tenza con vistas á venda, a oferta para a venda, a subministración ou calquera outra forma de posta no mercado de leite cru.
- b) Leite cru: leite de vaca, ovella ou cabra que non fose quentado a unha temperatura superior a 40° C nin sometido a un tratamento de efecto equivalente.
- c) Produtor: será produtor, de acordo coa Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, a persoa física ou xurídica ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, independentemente do réxime xurídico, que exerza a súa actividade na produción gandeira e que sexa titular dunha explotación gandeira dedicada á produción láctea destinada á venda.
- d) Operador: a persoa física ou xurídica do sector lácteo, incluíndo unha agrupación, central ou empresa conxunta de compra ou de venda, que realiza algunha actividade económica no ámbito do sector lácteo.
- e) Comprador: operador que compra leite cru.
- f) Primeiro comprador: operador que compra leite cru a produtores de leite de vaca, ovella e cabra para:
  - 1.º Sometelo á recollida, envasado, almacenaxe, refrixeración ou transformación, aínda que o faga por conta doutros;
  - 2.º Vendelo a unha ou varias empresas que traten ou transformen leite ou outros produtos lácteos.
- g) Vendedor: operador que vende leite sen transformar, incluídos os produtores.
- h) Intermediario: operador que mobiliza ou transporta leite cru dun produtor ou doutro intermediario a un transformador de leite cru ou a outro intermediario, en todos os casos se produce unha transferencia da propiedade do leite. Aqueles intermediarios que compren a produtores terán tamén a consideración de primeiros compradores.
- i) Transformador: operador que adquire o leite para destinar máis do 50 por cento á súa transformación en produtos lácteos.
- j) Sede da efectiva dirección: o lugar onde se toman as decisións comerciais clave e de xestión, necesarias para dirixir os negocios da entidade.

k) Autoridade competente: para os efectos do capítulo II, será a prevista no artigo 26 da Lei 12/2013, do 2 de agosto; para os efectos dos capítulos III e IV, será o órgano competente responsable do recoñecemento, e para o capítulo VI, será o órgano competente responsable da resolución.

## CAPÍTULO II

### Contratación no sector lácteo

*Artigo 3. Obrigatoriedade de subscrición de contratos e ofertas de contrato no sector lácteo.*

1. Todas as subministracións de leite cru que teñan lugar no Reino de España dun produtor a un transformador serán obxecto de contratos escritos entre as partes, nos termos establecidos neste real decreto.

2. Así mesmo, no caso de que esa subministración se realice a través dun ou máis intermediarios, cada etapa da venda será obxecto de contrato escrito entre as partes, nos termos establecidos neste real decreto.

3. Adicionalmente, os primeiros compradores deben presentarlles, con anterioridade á sinatura do contrato, unha oferta por escrito aos produtores, nos termos establecidos no artigo 4.

4. Os puntos anteriores serán tamén de aplicación ás entregas de leite de produtores titulares de explotacións situadas fóra do territorio español a primeiros compradores que teñan a súa sede de efectiva dirección no territorio español.

*Artigo 4. Requisitos mínimos da oferta de contrato.*

1. A oferta a que se refire o artigo 3 deberá:

a) Presentarse, polo menos, dous meses antes da finalización do contrato en vigor e, en caso de tratarse dunha nova relación contractual, polo menos dous meses antes do inicio das entregas de leite.

b) Formalizarse por escrito.

c) Ser identificada como tal e incluír, polo menos, a data de presentación e os elementos establecidos no anexo I, que deberán ser libremente negociados polas partes.

d) Propor unha duración mínima dun ano para o contrato.

2. Deberanse asinar dous exemplares de cada oferta, que serán rubricados e conservados por ambas as dúas partes, polo menos, durante un período de dous anos tras a súa presentación.

3. O produtor poderá rexeitar a duración mínima dun ano establecida na oferta, sempre e cando o faga por escrito e nun prazo máximo de 15 días hábiles.

4. En caso de que o primeiro comprador non desexe continuar coa relación contractual tras a finalización do contrato en vigor, farallo saber ao produtor por escrito coa mesma antelación establecida na letra a) do punto 1 deste artigo.

5. Malia o establecido neste artigo, poderanse subscribir contratos entre un primeiro comprador e un produtor sen cumprir o prazo mínimo de dous meses establecido no punto 1.a) deste artigo, co acordo do produtor e a comunicación previa por parte do primeiro comprador á comunidade autónoma competente onde se localice a explotación do produtor, nos seguintes casos excepcionais:

a) Naqueles casos en que se manteña a relación existente entre un mesmo primeiro comprador e un produtor, e o novo contrato supoña para o produtor unha mellora en relación co volume, prezo ou duración do contrato. Para iso deberá existir unha rescisión previa do contrato en vigor.

b) Para garantir a recollida do leite, en caso de que un primeiro comprador rescindise unilateralmente a relación cun produtor.

c) No caso de que as entregas totais anuais entre un primeiro comprador e un produtor, nun ou máis contratos, non superen os 5.000 kg.

d) En todos aqueles outros casos con carácter excepcional, aceptados e co visto e prace da autoridade competente da comunidade autónoma.

6. Nos contratos automaticamente prorrogables e indefinidos, e independentemente das condicións de renovación ou prórroga incluídas no contrato, en caso de que unha das partes desexe non prorrogar o contrato ou non continuar coa relación contractual, deberá comunicarllo de forma fidedigna á outra parte con, polo menos, dous meses de antelación á data de conclusión do contrato, salvo causa de forza maior.

7. Nos contratos automaticamente prorrogables cunha duración inferior a un ano, o primeiro comprador deberá realizar unha oferta de contrato por escrito ao produtor, cunha duración mínima dun ano para o contrato, previa a cada prórroga ou renovación, nos termos e especificacións establecidos neste artigo.

#### Artigo 5. *Requisitos do contrato.*

1. O contrato a que se refire o artigo 3 deste real decreto deberá:

a) Subscribirse antes da entrega do leite cru,  
b) formalizarse por escrito e  
c) incluír, polo menos, os elementos establecidos no anexo I, que deberán ser libremente negociados e coñecidos por ambas as dúas partes antes da sinatura do contrato.

2. O prezo establecido no contrato poderá ser fixo, variable ou mixto, tal e como establece o anexo I deste real decreto.

No caso de establecer un prezo variable, este deberá calcularse combinando varios factores especificados nel, que poden incluír indicadores de mercado que reflectan os cambios nas condicións do mercado, o volume subministrado e/ou a calidade ou composición do leite cru subministrado.

Os parámetros a que sexa referenciado o prezo serán obxectivos, verificables, doadamente identificables e reproducibles polas partes, non manipulables e procederán de fontes públicas e accesibles, que deberán ser tamén especificadas no contrato.

En todos os casos, os prezos poderán ademais axustarse en función de primas dependentes de factores como o volume subministrado, a calidade fisicoquímica ou hixiénico-sanitaria ou outros parámetros.

Non se poderán aplicar bonificacións ou depreciacións sobre o prezo que non estean reflectidas no contrato.

3. Non se permite a existencia de contratos simultáneos entre un mesmo comprador e vendedor, de maneira que un único contrato debe conter o volume total de leite cru obxecto da transacción entre un mesmo comprador e un mesmo vendedor. En caso de que existan condicións diferentes para diferentes volumes de entregas de leite, en particular no caso de prezos diferentes, estas deberanse recoller nun mesmo contrato. No caso das producións con calidade diferenciada: produción ecolóxica, produción integrada, denominación de orixe protexida (DOP), indicación xeográfica protexida (IXP) ou especialidade tradicional garantida (ETG), faranse figurar diferenciadamente os volumes de leite destinados á produción de produtos lácteos amparados por figuras de calidade diferenciada dos volumes non destinados a estas producións, asociado cada un aos seus correspondentes prezos.

4. De acordo co establecido no artigo 172 bis do Regulamento 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, polo que se crea unha organización común de mercados agrícolas e polo que se derrogan os regulamentos (CEE) n.º 922/72, (CEE) n.º 234/79, (CE) n.º 1037/2001 e (CE) n.º 1234/2007, o contrato entre produtor e primeiro comprador poderá incluír cláusulas de repartición de valor, que determinen o xeito en que se reparten entre as partes os beneficios e as perdas

comerciais derivados da evolución dos prezos de mercado dos produtos lácteos ou das materias primas.

5. Poderase utilizar un modelo de contrato ou os contratos tipo establecidos na Lei 2/2000, do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, sempre que este inclúa os elementos mínimos establecidos no anexo I.

6. Neste caso realizaranse as consignacións requiridas no sistema unificado de información do sector lácteo (Infolac) creado no Real decreto 319/20015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que efectuarán os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra. O contrato poderá incluír, se así o acordan as partes, unha cláusula relativa á conciliación e vista previa por parte dunha comisión de seguimento constituída no seo da Organización Interprofesional Láctea, en caso de existiren diferenzas na interpretación ou execución do contrato. A Comisión de Seguimento velará pola confidencialidade da información contida nos contratos e poderá delegar nunha entidade colaboradora independente e de acreditada solvencia a custodia dos contratos e dos datos confidenciais correspondentes.

#### Artigo 6. *Formalización, subrogación e rescisión do contrato.*

1. Deberanse asinar dous exemplares de cada contrato, un orixinal quedará en poder de cada unha das partes asinantes. Os orixinais dos contratos subscritos deberán ser conservados, polo menos, durante un período de dous anos tras a súa finalización por cada unha das partes.

2. No caso establecido no punto 6 do artigo anterior, deberán asinarse tres orixinais do contrato e o terceiro quedará baixo a custodia da Comisión de Seguimento da Interprofesional Láctea, á cal se poderá remitir por vía electrónica. Estas circunstancias deberán quedar reflectidas no contrato.

3. En caso de que a empresa compradora do leite teña a súa sede de efectiva dirección nunha comunidade autónoma diferente a aquela en que se realiza a recepción do leite, deberá realizarse unha copia adicional do contrato, que deberá manterse no establecemento de recepción. Non obstante, esa copia non será necesaria en caso de que se poida acceder por vía electrónica ao orixinal do contrato almacenado nos arquivos da sede da efectiva dirección da empresa compradora.

4. En caso de cambio da titularidade da explotación produtora do leite obxecto de contrato, o novo titular poderá subrogarse ao contrato xa existente en vigor, se así o decide e llo notifica á outra parte e esta non manifesta a súa oposición no prazo máximo de dez días hábiles.

5. A rescisión dun contrato de mutuo acordo antes da data de finalización incluída nel deberase constatar por escrito, e ambas as dúas partes deberán conservar a documentación xustificativa durante un prazo mínimo de dous anos desde a rescisión, documentación que poderá ser requirida pola autoridade competente.

#### Artigo 7. *Modificacións dos contratos subscritos.*

1. As condicións establecidas inicialmente no contrato poderán ser excepcionalmente modificadas mediante addendas asinadas por ambas as dúas partes, e sempre antes da finalización do contrato que se modifica.

2. Non terán validez as modificacións que teñan como obxectivo cambiar as condicións iniciais do contrato relativas ao leite que xa fose entregado, nin se poderán modificar as datas de entrada en vigor ou finalización do contrato. Tampouco se poderá modificar, mediante addendas, o prezo pactado nin o tipo de prezo (fixo, variable, mixto), nin as primas e penalizacións asociadas aos parámetros de composición e calidade do leite, se é o caso.

3. No caso de que antes da finalización da vixencia do contrato se esgotase a cantidade de leite correspondente ao volume pactado, unha vez aplicada a tolerancia establecida, poderase modificar, logo de acordo entre as partes, o volume mediante

addendas, mantendo invariables o resto de elementos do contrato, nunha proporción que supoña como máximo unha modificación do 25 por cento do volume inicialmente acordado.

4. Non se considerarán válidos para os efectos deste real decreto os contratos que inclúan emendas ou riscaduras.

#### Artigo 8. *Excepción para as cooperativas.*

1. En aplicación do punto 3 do artigo 148 do Regulamento 1308/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, no caso de que un produtor entregue o leite a unha cooperativa primeiro comprador da que é socio, non será necesaria a formalización por escrito dun contrato individualizado nin da oferta previa por escrito, sempre que os estatutos ou acordos da cooperativa establezan, antes de que se realice a subministración do leite, os mesmos elementos ca os mencionados no artigo 5 e estes sexan coñecidos polos produtores. Para tal efecto, deberá existir unha comunicación fidedigna aos interesados, que será incluída no acordo cooperativo e será aprobada polo órgano de goberno correspondente.

2. En cumprimento dos termos establecidos nos puntos 1 e 3 do artigo 6, nas cooperativas que reciban leite dos seus socios produtores, os orixinais ou as copias do contrato establecidas neses puntos serán substituídas por unha copia dos seus estatutos ou acordos onde se establezan as condicións da subministración de leite.

3. En relación coa duración mínima dun ano, entenderase cumprida sempre e cando o vínculo entre o produtor e a cooperativa establecido estatutariamente abranga polo menos ese período.

#### Artigo 9. *Limitacións á comercialización de leite.*

1. Queda expresamente prohibida a comercialización de leite cru en España que non se formalizase nun contrato nas condicións establecidas no capítulo II deste real decreto, sen prexuízo do leite cru vendido polo produtor directamente ao consumidor final ou utilizado para a elaboración de produtos lácteos nunha industria alimentaria do produtor. Así mesmo, queda prohibida a posta no mercado de leite e produtos lácteos elaborados en España a partir de leite cru que non fose adquirido mediante a formalización dun contrato.

2. Para os efectos de comprobar o cumprimento desta limitación, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán os cruzamentos informáticos oportunos entre as diferentes bases de datos dispoñibles, no ámbito do plan de controis establecido no artigo 33 deste real decreto.

#### Artigo 10. *Deber de información sobre contratación no sector lácteo.*

1. O primeiro comprador do leite cru que contratase a súa adquisición cun produtor comunicará os datos incluídos no anexo II do presente real decreto coa maior brevidade posible e en ningún caso nun prazo superior a sete días hábiles posteriores á data de inicio de vixencia do contrato. Estas notificacións faranse, mediante soporte informático, á base de datos creada para tal efecto polo Real decreto 319/20015, do 24 de abril, que establece o sistema unificado de información do sector lácteo (Infolac).

2. As rescisións de contrato que teñan lugar de mutuo acordo antes da data inicialmente prevista no contrato deberán ser comunicadas polo primeiro comprador a Infolac no prazo máximo de sete días hábiles a partir da data de rescisión.

3. Así mesmo, tamén serán notificadas á base de datos todas as addendas realizadas nos contratos coa maior brevidade posible e en ningún caso nun prazo superior a sete días hábiles desde a data de inicio de vixencia destas.

4. Con tal fin, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación establecerá un modelo para o envío de datos, así como a descrición da estrutura do ficheiro informático que deberá utilizarse para eses envíos.



5. Naqueles casos en que a autoridade competente da comunidade autónoma o considere oportuno, sempre que o primeiro comprador sexa unha persoa física, os datos incluídos no anexo II poderán presentarse mediante documento rexistrado en soporte papel e será a comunidade autónoma a responsable de gravalos na base de datos.

6. Así mesmo, a subrogación no contrato en vigor no caso de cambio de titularidade da explotación será comunicada polo primeiro comprador á autoridade competente da comunidade autónoma no prazo máximo de sete días hábiles contados a partir do prazo establecido no artigo 6.4. Esta procederá a rexistrala en Infolac coa maior brevidade posible.

### CAPÍTULO III

#### Organizacións de produtores de leite

##### Artigo 11. *Requisitos mínimos das organizacións para o recoñecemento.*

1. Deberán ser recoñecidas como organizacións de produtores de leite no ámbito do artigo 161 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, en diante organizacións, todas as entidades xurídicas ou partes claramente definidas de entidades xurídicas, de carácter civil ou mercantil, que o soliciten e:

- a) Que se creen por iniciativa dos produtores.
- b) Que estean constituídas por produtores cuxas explotacións estean inscritas de conformidade co Real decreto 479/2004, do 26 de marzo, polo que se establece e regula o Rexistro Xeral de Explotacións Gandeiras, co tipo de subexplotación «reproducción para produción de leite» ou «mixta».
- c) Que ofrezan as suficientes garantías sobre a execución correcta das súas actividades, tanto no relativo á duración coma á eficacia e á concentración da oferta.
- d) Que dispoñan de estatutos que cumpran o establecido no artigo 13 deste real decreto e se rexan por un funcionamento democrático de conformidade con estes.

2. No caso de que unha parte dunha entidade xurídica desexe obter o recoñecemento, deberá cumprir os requisitos establecidos no anexo III.

3. As organizacións deberán agrupar un mínimo de produción comerciable anual, tal e como se recolle no artigo 16 e no anexo IV deste real decreto.

4. No caso de que unha organización queira ser recoñecida para diferentes especies, deberán cumprirse as exixencias relativas a cada unha das especies en relación coa produción mínima comerciable.

5. Un produtor non poderá ser membro de máis dunha organización de produtores de leite da mesma especie, salvo que sexa titular de máis dunha explotación, conforme o Real decreto 479/2004, do 26 de marzo.

6. Un produtor unicamente poderá ser membro daquela organización que comercialice a súa produción.

##### Artigo 12. *Funcións das organizacións.*

1. Para poderen ser recoñecidas, as organizacións deben levar a cabo a función principal de concentración da oferta e de comercialización da produción dos seus membros.

2. Ademais, polo menos, deberán realizar unha das seguintes funcións:

- a) Garantir que a produción se planifique e se axuste conforme a demanda, sobre todo no referente á calidade e á cantidade.
- b) Optimizar os custos de produción e estabilizar os prezos de produción.

3. A organización deberá dispor dos medios materiais e humanos necesarios para levar a cabo, polo menos, a función establecida no punto 1, así como aquela ou aquelas funcións que realice entre as de carácter opcional. Con tal fin elaborará unha memoria que detalle eses medios, así como as funcións para as que a organización solicita o recoñecemento e as actividades que realizará para desenvolver as ditas funcións. Deberá conservar toda a documentación xustificativa do desenvolvemento destas e a memoria deberá estar á disposición dos socios da organización, así como presentala anualmente aos seus correspondentes órganos de goberno.

Artigo 13. *Estatutos das organizacións.*

1. Os estatutos das organizacións deberán prever, polo menos, os seguintes termos:
  - a) Os procedementos de fixación, adopción e modificación das normas recollidas nos seguintes puntos.
  - b) A imposición, se é o caso, aos membros de contribucións financeiras para o financiamento da organización e o procedemento de recadación.
  - c) As normas que lles garantan aos produtores asociados o control democrático da súa organización e da toma de decisións nela.
  - d) As normas relativas á admisión de novos membros.
  - e) O prazo mínimo de comunicación de renuncia dos socios.
  - f) A data de efecto da renuncia, con criterios xerais que eviten discriminacións entre asociados.
  - g) As causas de forza maior admitidas para causar baixa nun período inferior ao establecido na letra e) deste punto.
  - h) As condicións en que se realizará a externalización de actividades en caso de facer uso do artigo 18.
  - i) As normas contables e orzamentarias necesarias para o funcionamento da organización.
  - j) As sancións por incumprimento das obrigas estatutarias, en particular por incumprimentos:
    - 1.º Do período mínimo de adhesión.
    - 2.º Do volume de leite comprometido no mandato de negociación establecido no artigo 24.
    - 3.º Do non pagamento das contribucións financeiras e
    - 4.º Das normas establecidas pola organización.

2. Os estatutos das organizacións deberán prever as seguintes obrigas para os seus membros para o cumprimento dos seus fins:

- a) Aplicar as normas adoptadas pola organización, en particular aquelas en materia de notificación.
- b) Comprometerse a un período mínimo de adhesión, que non debe ser inferior a dous anos. En caso de que desexen causar baixa, unha vez concluído o prazo, deberán comunicar por escrito a renuncia á calidade de membro coa antelación establecida pola organización.
- c) Facilitar a información solicitada pola organización, relevante para os efectos das funcións atribuídas á organización ou para efectos estatísticos.

Artigo 14. *Período mínimo de adhesión.*

1. Os produtores deben cumprir un período mínimo de adhesión á organización de dous anos. En caso de incumprimento deste período mínimo, os produtores non poderán solicitar a alta noutra organización durante un período dun ano contado desde a data da baixa efectiva, sen prexuízo do que establezan adicionalmente os

estatutos da organización. Non obstante, teranse en conta as seguintes consideracións:

a) Os membros dunha organización que se disolva a través dos seus órganos de goberno, por causas alleas á vontade dos seus socios e sen consulta previa, non serán obxecto da penalización anterior.

b) Cando os membros dunha organización aceptasen a disolución exercendo o funcionamento democrático de decisión recollido nos seus estatutos, serán obxecto da penalización anterior.

2. Os membros das organizacións que desexen cursar baixa nunha organización deberano comunicar a esta coa maior brevidade posible. Nos casos de cambios de titularidade dunha explotación, o novo titular deberá solicitar, se o desexa, a súa inclusión na organización.

#### Artigo 15. *Recoñecemento das organizacións.*

1. O recoñecemento das organizacións corresponderá ao órgano competente que determine a comunidade autónoma onde estea establecida a súa sede de efectiva dirección, sen prexuízo da solicitude de cooperación interadministrativa con outras administracións, cando for necesario.

2. A solicitude de recoñecemento, xunto, polo menos, coa documentación que se especifica no anexo V deste real decreto presentárase polos medios electrónicos que determinen as comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla, de acordo cos previstos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

3. En cumprimento do artigo 161.3.a) do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, a autoridade competente disporá dun prazo máximo de catro meses para resolver a solicitude de recoñecemento.

4. Poderanse recoñecer organizacións transnacionais constituídas por produtores de distintos Estados membros, que deberán fixar a súa sede no Estado membro en que dispoñan dun número significativo de membros ou un volume significativo de produción comerciable. No caso de que a sede se sitúe no Reino de España, a autoridade competente onde radique a sede da efectiva dirección do solicitante será a responsable do recoñecemento desta, e seranlle de aplicación todos os aspectos regulados no presente capítulo.

5. Os produtores que formen parte dunha organización transnacional que non teña a súa sede no Reino de España deberán achegar toda a documentación e información que lles sexa requirida por petición do Estado membro responsable do recoñecemento, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 16. *Producción comerciable.*

1. O volume da produción comerciable para os efectos do recoñecemento das organizacións calcularase sobre a base das cantidades de leite cru subministradas polos seus membros. O cálculo realizarase utilizando as últimas doce declaracións de entregas de leite dispoñibles no momento de comprobación do cumprimento do mínimo de produción comerciable anual por parte da autoridade competente.

2. Co obxectivo de que os órganos competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla responsables do recoñecemento das organizacións poidan comprobar o cumprimento dos requisitos relativos á produción comerciable mínima, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación adoptará as oportunas canles de coordinación e comunicación con estas.

## Artigo 17. *Asociacións de organizacións de produtores de leite.*

1. Serán recoñecidas como asociacións de organizacións de produtores de leite no ámbito do artigo 156 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, todas aquelas entidades con personalidade xurídica propia ou parte delas, constituídas por iniciativa das organizacións recoñecidas conforme o previsto no presente real decreto, que así o soliciten á autoridade competente e cumpran os requisitos previstos nel e as condicións establecidas no artigo 161.1 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

2. Poderase constituír unha asociación mediante a unión de varias organizacións que foron recoñecidas para distintas especies.

3. As asociacións recoñecidas en aplicación dos puntos anteriores poderán desempeñar calquera das funcións das organizacións recollidas no artigo 12.

4. O recoñecemento das asociacións corresponde ao órgano competente que determine a comunidade autónoma onde radique a sede da efectiva dirección da entidade solicitante.

5. Poderanse recoñecer asociacións transnacionais constituídas por organizacións recoñecidas de distintos Estados membros, que deberán fixar a súa sede no Estado membro en que dispoñan dun número significativo de membros ou organizacións afiliadas ou un volume ou valor significativo de produción comerciable. No caso de que a sede se sitúe en España, a autoridade competente onde radique a sede da efectiva dirección do solicitante será a responsable do recoñecemento desta, e seranlle de aplicación todos os aspectos regulados no presente capítulo.

6. Os produtores que formen parte dunha asociación que non teña a súa sede en España deberán achegar toda a documentación e información que lles sexa requirida por petición do Estado membro responsable do recoñecemento, a través da Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

## Artigo 18. *Externalización de actividades.*

1. As organizacións e asociacións recoñecidas poderán externalizar calquera das súas actividades, distintas da produción, a calquera empresa, incluídas as súas empresas filiais, nas condicións establecidas neste artigo e no artigo 155 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

2. Entenderase por empresa filial, para os efectos do punto anterior, aquela entidade que está controlada directa ou indirectamente por unha organización ou asociación do seguinte xeito:

a) Mediante unha significativa participación, que supere o 50 % do capital social ou dos dereitos de voto.

b) Ou polo dereito a nomear ou revogar a maioría dos membros do órgano de administración, dirección ou control desta.

c) Ou polo dereito a exercer unha influencia dominante sobre ela, en virtude dun contrato asinado con ela ou dunha cláusula estatutaria desta.

3. En caso de se aplicar o punto 1, as organizacións e asociacións que externalicen calquera das súas actividades deberán subscribir acordos comerciais por escrito que garantan que a organización ou asociación mantén o control e a supervisión da realización da actividade que se estea a levar a cabo.

4. Os acordos establecidos no punto anterior, así como as actuacións desenvolvidas e os resultados destas, deberán incluírse na memoria de funcións da organización ou asociación, e deberá presentarse aos socios e aos seus órganos de goberno anualmente.

Artigo 19. *Acordos, decisións e prácticas concertadas das organizacións e asociacións de produtores de leite.*

1. As organizacións e as asociacións recoñecidas poderán alcanzar acordos, decisións e prácticas concertadas, que se refiran á produción ou venda de produtos lácteos ou á utilización de instalacións comúns de almacenamento, tratamento ou transformación de produtos lácteos, nas condicións establecidas no artigo 209 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, sempre que non poñan en perigo os obxectivos do artigo 39 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.

2. Non se poderán alcanzar acordos, decisións e prácticas concertadas que comporten a obriga de cobrar un prezo idéntico ou por medio dos cales quede excluída a competencia.

3. Os acordos, decisións e prácticas concertadas que cumpran as condicións anteriores non estarán prohibidos nin requirirán unha aprobación previa por parte das autoridades competentes. Non obstante, as organizacións e as asociacións recoñecidas poderán solicitar un ditame da Comisión Europea sobre a compatibilidade deses acordos, decisións e prácticas concertadas cos obxectivos do artigo 39 do Tratado de funcionamento da Unión Europea, nas condicións establecidas no artigo 209 do Regulamento (UE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

4. No caso de que unha organización solicite o ditame da Comisión Europea, este será comunicado ás autoridades competentes das comunidades autónomas, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia.

Artigo 20. *Rexistro nacional de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de leite.*

1. As organizacións e asociacións recoñecidas de acordo co establecido neste real decreto serán inscritas no Rexistro nacional de organizacións e asociacións de produtores de leite, situado na base de datos Prolac, sistema informático adscrito ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

2. A información correspondente ás organizacións e asociacións recoñecidas para a súa inscrición no rexistro debe ser gravada no sistema informático Prolac por parte das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla. Os datos que se rexistrarán deben conter polo menos a información detallada no artigo 21.

3. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación publicará na súa páxina web unha lista actualizada coas organizacións e asociacións recoñecidas, na cal se incluírán polo menos os seguintes datos: número de rexistro, nome, comunidade autónoma ou cidade de recoñecemento, data de recoñecemento, volume comerciable, enderezo e teléfono da sede da organización ou asociación.

Artigo 21. *Deber de información sobre as organizacións de produtores.*

1. As autoridades competentes das comunidades autónomas deberán rexistrar no sistema informático Prolac a seguinte información, no prazo máximo de trinta días desde que se realizou a solicitude ou comunicación:

a) Os recoñecementos das organizacións mediante a súa alta en Prolac, coa seguinte información:

1.º Denominación, NIF, natureza xurídica, enderezo, código postal, comunidade autónoma, provincia, municipio, teléfono, fax, correo electrónico e indicación da/s especie/s animal/animais que representa.

2.º Indicación de se realiza ou non a posta no mercado do leite a través da súa propia estrutura.

3.º Data de recoñecemento por especie.

- 4.º Funcións para as cales se concedeu o recoñecemento.
- 5.º En relación con cada un dos socios: DNI ou NIF, códigos de explotación REGA dos titulares membros da organización e data de incorporación na organización.
  - b) Os recoñecementos das asociacións, mediante a súa alta en Prolac, coa seguinte información:
    - 1.º Denominación, NIF, natureza xurídica, enderezo, código postal, comunidade autónoma, provincia, municipio, teléfono, fax, correo electrónico e indicación da/s especie/s animal/animais que representa.
    - 2.º Indicación de se realiza ou non a posta no mercado do leite a través da súa propia estrutura.
    - 3.º Data de recoñecemento por especie.
    - 4.º Funcións para as cales se concedeu o recoñecemento.
    - 5.º En relación con cada unha das organizacións que o forman: denominación, NIF e natureza xurídica.
  - c) As retiradas de recoñecemento das organizacións ou asociacións, con indicación da data, para cada unha das especies para as cales estivesen recoñecidas, se é o caso.
  - d) As modificacións na información das alíneas a) e b), incluídas as altas e baixas de membros.
2. As organizacións e asociacións comunicarán ás autoridades competentes das comunidades autónomas, ás cales se poderá remitir por vía telemática:
  - a) Todas as modificacións na información contida nas alíneas a) e b) no prazo máximo de quince días hábiles.
  - b) Unha memoria sobre o nivel de consecución das funcións desenvolvidas no ano anterior, antes do 1 de abril de cada ano.
3. As autoridades competentes das comunidades autónomas, en colaboración co Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, manterán actualizado o sistema informático Prolac.
4. Os membros das organizacións que desexen cursar baixa nunha organización deberano comunicar a estas coa maior brevidade posible.

#### Artigo 22. *Retirada do recoñecemento.*

1. Mediante resolución da autoridade competente tras o correspondente procedemento administrativo, declararase extinguido o recoñecemento das organizacións ou asociacións nos seguintes casos:
  - a) Por solicitude da entidade, sen prexuízo do cumprimento das obrigas e compromisos derivados da súa condición de organización ou asociación, e das responsabilidades que poidan derivar como consecuencia das actuacións levadas a cabo durante o período en que a entidade posuía o recoñecemento.
  - b) Por incumprimento dos requisitos mínimos das organizacións ou asociacións e, en particular, das funcións relacionadas na memoria a que se refire o punto 3 do artigo 12. Para iso, valorarase a memoria establecida no artigo 21.2.b).
  - c) Cando se detecte o incumprimento sobrevido dos criterios do recoñecemento.
2. A comprobación por parte das autoridades competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla do requisito relativo á produción mínima comerciable das organizacións e asociacións recoñecidas deberase realizar na data do 1 de abril de cada ano; para este fin o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación habilitará a correspondente consulta na base de datos Prolac.
3. En caso de que se detecte o incumprimento deste requisito, dentro dunha porcentaxe que non supere o 20 por cento, a organización ou a asociación disporá dun

período de seis meses para corrixir o incumprimento. Pasado este tempo sen que o incumprimento sexa emendado, a retirada do recoñecemento farase efectiva. Nesta comprobación débese verificar tamén que os produtores manteñen unha explotación gandeira dedicada á produción láctea nos termos establecidos no artigo 11.1.b).

4. Para efectos de comprobar o cumprimento dos requisitos das organizacións e asociacións recoñecidas, de cara ao mantemento ou á retirada dese recoñecemento, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán os controis oportunos entre as diferentes bases de datos dispoñibles no ámbito do plan de controis establecido no artigo 33.

## CAPÍTULO IV

### Negociacións contractuais no sector do leite e dos produtos lácteos

Artigo 23. *Negociacións contractuais por parte das organizacións e asociacións.*

1. As organizacións e asociacións recoñecidas sobre a base do establecido no capítulo III deste real decreto poderán negociar, en nome dos seus membros produtores, todos os elementos dos contratos establecidos no anexo I, incluído o prezo. A negociación poderá levarse a cabo:

- a) Por unha parte ou pola totalidade da produción comerciable da organización ou asociación.
- b) Se o prezo negociado é o mesmo ou non para a produción comerciable dalgúns ou todos os seus membros.
- c) Con ou sen transferencia da propiedade do leite cru dos gandeiros á organización de produtores.

2. Naqueles casos en que non haxa transferencia da propiedade do leite á organización, será o produtor quen subscriba o contrato co primeiro comprador. Neste caso, a oferta establecida no artigo 3.3 presentarase á organización para o seu traslado aos produtores.

3. Naqueles casos en que se transferise a propiedade do produtor membro ás organizacións ou asociacións, serán esas organizacións ou asociacións as que subscriban os contratos suxeitos á negociación. Esta condición será de aplicación tamén ás organizacións de natureza xurídica cooperativa.

4. En caso de que tras a negociación se chegue a un acordo entre as partes sobre os termos dos contratos, as partes deberán subscribir un acordo con carácter vinculante, que deberán asinar ambas as dúas partes e conservarse, polo menos, durante dous anos tras a sinatura.

5. En todo caso, as organizacións ou asociacións deberán conservar a documentación xustificativa do proceso de negociación que se levase a cabo.

6. Os puntos anteriores non se aplicarán ás organizacións ou asociacións recoñecidas, incluídas as cooperativas, que transformen todo o leite cru dos seus membros.

7. As organizacións ou asociacións deberán comunicar á autoridade competente da comunidade autónoma ou cidade de Ceuta e Melilla responsable do seu recoñecemento, antes do inicio da negociación das condicións dos contratos, o volume considerado de leite cru obxecto da negociación, así como o período de tempo en que se estima que se subministrará ese volume. Anualmente, antes do 31 de xaneiro, deberán comunicar o volume total de leite que realmente foi obxecto de negociación durante o ano anterior. Esta comunicación deberá ir xunto con documentos xustificativos da negociación, incluídos os acordos de contrato alcanzados como resultado da negociación.

8. As autoridades competentes das comunidades autónomas ou cidades de Ceuta e Melilla comunicarán anualmente á Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, antes do 15 de febreiro de cada ano, o volume total de leite suxeito á negociación durante o ano anterior que lles fose comunicado polas organizacións e asociacións, en cumprimento do punto anterior.

Artigo 24. *O mandato de negociación.*

1. No caso de que os socios dunha organización ou asociación que leve a cabo a negociación das condicións de contratación dos seus membros estean interesados en que a citada organización ou asociación realice a negociación do seu leite, deberán emitir un mandato á organización ou asociación para que realice a dita negociación. Exceptúanse aqueles casos en que o leite cru estea suxeito a unha obriga de entrega derivada da pertenza a unha cooperativa, de conformidade coas condicións dos estatutos da cooperativa ou das normas e decisións previstos neles.

2. O volume cedido polo socio da organización ou asociación no mandato de negociación deberá ser do 100 % do seu volume de produción comerciable, calculado segundo o establecido no artigo 16. Este volume poderá ser dividido en varios contratos con varios primeiros compradores.

3. O mandato terá unha vixencia mínima de dous anos, coincidente co período mínimo de adhesión á organización. Pasado este prazo, prorrogarase de xeito indefinido, salvo manifestación expresa do interesado, que deberá comunicar á organización cunha antelación mínima de dous meses.

4. O mandato de negociación será vinculante e exclusivo, o que implica que:

a) Só se pode emitir un mandato de negociación dos contratos vinculados á produción dun titular dunha explotación a unha única organización ou asociación por especie, salvo no caso recollido no artigo 11.5, e en ningún caso un contrato poderá ser negociado en nome dun mesmo produtor por dúas organizacións.

b) Unha vez emitido o mandato, o socio non poderá negociar individualmente as condicións de contratación do leite comprometido no mandato.

Artigo 25. *Limitacións ás negociacións contractuais por parte das organizacións e asociacións.*

1. A negociación por parte da organización ou asociación nunca se referirá a un volume total de leite que sexa superior ao 3,5 por cento da produción total da Unión Europea, nin superará o 33 por cento da produción total de España ou, no caso das organizacións transnacionais, esa porcentaxe nos Estados membros en cuxo ámbito territorial actúe a citada organización transnacional.

2. Nos supostos en que a negociación a efectúe unha asociación, esta porcentaxe deberase computar en relación co resultado da agregación dos volumes de produción de todas as organizacións que engloba esa asociación de organizacións.

3. Para a determinación do volume establecido no punto 1 utilizaranse os datos publicados anualmente pola Comisión da Unión Europea.

4. Aínda cando non se superen os limiares referidos no punto 1, a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia poderá decidir que as negociacións das organizacións ou as asociacións non se poidan realizar ou deban reabrirse, se nun caso concreto considera que se pode excluír a competencia ou que as pemes dedicadas á transformación de leite cru poden verse prexudicadas gravemente.

Para un desempeño adecuado desta función, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación proporcionará á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia a información que ao respecto esta solicite. No caso de que a produción a que se refire a negociación corresponda a máis dun Estado membro, será a Comisión da Unión Europea a autoridade con esa capacidade.

5. Para efectos de comprobar o cumprimento desta limitación e dos termos en que se desenvolvan as negociacións con base no establecido neste real decreto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e as comunidades autónomas establecerán os controis oportunos, no ámbito do plan de controis establecido no artigo 33 deste real decreto.



Artigo 26. *Sistema de mediación.*

1. Establécese un sistema de mediación específico e complementario para o sector lácteo, que se desenvolverá nos termos establecidos neste real decreto e se suma ao sistema de mediación establecido no artigo 16.1 da Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria.

2. Se durante un proceso de negociación das condicións dun contrato non se chega a un acordo entre unha organización e o comprador do leite, nos casos en que exista unha oferta previa por escrito ou por calquera outro medio que permita deixar constancia do seu contido, ambas as dúas partes, de mutuo acordo, poderán acollerse a un sistema de mediación.

3. O sistema de mediación realizarao, mediante o correspondente acto de mediación, calquera das institucións de mediación establecidas ao abeiro da Lei 5/2012, do 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís, seguindo o procedemento establecido no título IV da citada lei.

4. Poderán ser obxecto da mediación todos os elementos do contrato, en particular o prezo e o volume de leite obxecto deste.

## CAPÍTULO V

### A Organización Interprofesional Láctea

Artigo 27. *Funcións da Organización Interprofesional Láctea.*

De acordo co artigo 3 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, e do artigo 157.3 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Consello, do 17 de decembro de 2013, a Organización Interprofesional Láctea (Inlac) desenvolverá unha ou varias das seguintes funcións:

a) Levar a cabo actuacións que permitan un mellor coñecemento, unha maior eficiencia e unha maior transparencia da produción e dos mercados, mediante a publicación de datos estatísticos sobre prezos, volumes e duración de contratos concluídos, e proporcionar análises da evolución futura do mercado no ámbito rexional, nacional e internacional.

b) Contribuír a unha mellor coordinación da posta no mercado dos produtos do sector do leite e dos produtos lácteos, en particular mediante traballos de investigación e estudos de mercado.

c) Promover o consumo de leite e produtos lácteos nos mercados interiores e exteriores e subministración de información ao respecto.

d) Explorar posibles mercados de exportación.

e) Elaborar modelos de contratos compatibles coa lexislación europea, tendo en conta a necesidade de conseguir condicións equitativas de competencia e de evitar as distorsións do mercado. No suposto de que estes modelos conteñan indicadores de mercado, deberán ser obxectivos e transparentes, e non poderán, en ningún caso, ser manipulables ou encubrir a fixación de prezos mínimos.

f) Promover e difundir o coñecemento das producións, en particular mediante a divulgación da información e investigación necesarias para orientar a produción cara a produtos máis adaptados ás necesidades do mercado e aos gustos e ás aspiracións dos consumidores, especialmente en materia de calidade dos produtos e protección do ambiente, facilitando a información adecuada aos consumidores.

g) Manter e desenvolver o potencial de produción do sector lácteo, en particular, promovendo a innovación e o apoio aos programas de investigación aplicada ao desenvolvemento co fin de explotar todo o potencial do leite e os produtos lácteos, especialmente para o desenvolvemento de produtos de valor engadido e máis atractivos para o consumidor.

h) Realizar actuacións que teñan por obxecto unha mellor defensa do ambiente e a busca de métodos que permitan limitar o uso de produtos veterinarios, mellorar a xestión doutros insumos e mellorar a seguridade dos alimentos e a saúde dos animais.

i) Desenvolver métodos e instrumentos que permitan mellorar a calidade dos produtos en todas as fases de produción e comercialización.

j) Revalorizar o potencial da agricultura ecolóxica e protexer e promover esa agricultura, así como a elaboración de produtos con denominación de orixe, selos de calidade e indicacións xeográficas, e fomentar a produción integrada ou doutros métodos de produción respectuosos co ambiente.

k) Fomentar a produción integrada e doutros medios de produción respectuosos co ambiente.

l) Establecer cláusulas normalizadas de repartición do valor, incluídos os beneficios e as perdas comerciais, que determinen o xeito en que se reparten entre eles a evolución dos prezos de mercado pertinentes dos produtos lácteos ou doutros mercados de materias primas.

m) Aplicar medidas de prevención e xestión da saúde animal, dos riscos fitosanitarios e ambientais.

#### Artigo 28. *Acordos, decisións e prácticas concertadas no sector lácteo.*

No marco do establecido no artigo 7 da Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias, que establece que estas se axustarán, para a adopción dos seus acordos, ás normas e aos principios recollidos na Lei 15/2007, do 3 de xullo, de defensa da competencia, e ás disposicións reguladoras desta materia no dereito da Unión Europea, a Organización Interprofesional Láctea (Inlac), recoñecida conforme a citada lei, poderá alcanzar acordos, decisións e prácticas concertadas, nas condicións establecidas no presente artigo, que teñan por obxecto levar a cabo as actividades previstas no artigo 157.3.c) do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

En ningún caso se poderán alcanzar acordos, decisións ou prácticas concertadas que:

- a) Poidan entrañar calquera forma de compartimentación de mercados.
- b) Poidan afectar o funcionamento correcto da organización de mercados.
- c) Poidan producir distorsións da competencia, sen que sexan imprescindibles para a consecución de obxectivos da política agraria común.
- d) Supoñan a fixación de prezos ou cotas.
- e) Poidan crear discriminación ou eliminar a competencia en relación cunha proporción importante dos produtos de que se trate.

### CAPÍTULO VI

#### Regulación de oferta en queixos

#### Artigo 29. *Medidas para a regulación da oferta.*

As organizacións e as organizacións interprofesionais recoñecidas en aplicación do presente real decreto, e os grupos de operadores a que se refire o artigo 3.2 e o artigo 49.1 do Regulamento (CE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro, sobre os réximes de calidade dos produtos agrícolas e alimenticios, poderán solicitar ás autoridades competentes o establecemento de normas vinculantes para a regulación da oferta de queixos que se beneficien dunha denominación de orixe protexida (DOP) ou dunha indicación xeográfica protexida (IXP), de conformidade co establecido no artigo 5 do Regulamento (CE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro, nas condicións establecidas no presente capítulo e no artigo 150 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Artigo 30. *Presentación da solicitude para a adopción de medidas.*

1. As solicitudes poderán presentarse por calquera dos medios electrónicos a que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, e dirixiranse ao órgano competente da comunidade autónoma en que radique a sede da efectiva dirección da organización, no caso de DOP e IXP cuxo ámbito se reduza a unha comunidade autónoma, ou ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación no caso de DOP e IXP cuxo ámbito supere unha comunidade autónoma, e incluírán as posibles normas propostas para a regulación da oferta.

2. No caso das solicitudes dirixidas ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, o órgano competente para a súa tramitación será a Dirección Xeral de Producións e Mercados Agrarios, logo de informe da Dirección Xeral da Industria Alimentaria.

3. A solicitude deberá incluír un acordo previo entre as partes na zona xeográfica establecida, de acordo co artigo 7.1.c) do Regulamento 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro, suscrito como mínimo entre dúas terceiras partes dos produtores de leite ou dos seus representantes que supoñan polo menos dúas terceiras partes do leite cru utilizado para a fabricación dos queixos a que se refire o artigo 29 deste real decreto.

4. A autoridade competente da comunidade autónoma ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, segundo o ámbito competencial, no caso de que o considere necesario, poderá exixir que o acordo previo establecido no punto anterior se subscriba entre as dúas terceiras partes dos produtores do queixo que representen polo menos a dúas terceiras partes da produción dese queixo na zona xeográfica establecida de acordo co artigo 7.1.c) do Regulamento (CE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro.

5. A zona xeográfica de orixe do leite cru recollida no prego de condicións dos queixos que se benefician dunha IXP será a mesma ca a zona xeográfica recollida no artigo 7.1.c) do Regulamento (UE) n.º 1151/2012, en relación con tales queixos.

Artigo 31. *Resolución da solicitude.*

1. O órgano competente resolverá, á vista da solicitude presentada, establecer ou non medidas para a regulación da oferta, especificando a lista de medidas aplicables incluídas na dita resolución e o período de tempo de aplicación destas, que será como máximo de tres anos prorrogables logo de nova solicitude.

2. Salvo norma en contra da comunidade autónoma correspondente, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución expresa será de seis meses, contados desde a data en que a solicitude tivese entrada no rexistro da Administración ou organismo competente para a súa tramitación. Transcorrido este prazo sen que se ditase e notificase a resolución, a solicitude entenderase aceptada por silencio administrativo.

3. Estas medidas comunicaraas, se é o caso, a autoridade competente da comunidade autónoma ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación nos tres días hábiles seguintes á sinatura da resolución. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación comunicará á Comisión da Unión Europea todas as resolucións ditadas nun prazo máximo dunha semana desde a sinatura da resolución.

4. A autoridade competente que aprobe unha norma para a regulación da oferta de queixos dará publicidade desa norma a través da divulgación no boletín ou diario oficial correspondente.

5. De conformidade co establecido no artigo 174 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro, a Comisión da Unión Europea poderá adoptar en calquera momento actos de execución que exixan a derogación das medidas para a regulación da oferta en queixos contida neste capítulo se comproba que non se respectan as condicións establecidas no artigo 32, impiden ou distorsionan a competencia nunha parte substancial do mercado interior, menoscaban o libre comercio ou comprometen o logro dos obxectivos do artigo 39 do TFUE.

Artigo 32. *Normas para a regulación da oferta.*

1. As normas establecidas pola autoridade competente para regular a oferta deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Só regularán a oferta do produto de que se trate e terán por obxecto adecuar a oferta do queixo á demanda.
- b) Só farán efecto no produto de que se trate.
- c) Non prexudicarán o comercio de produtos distintos dos afectados polas normas.
- d) Non terán por obxecto ningunha transacción posterior á primeira comercialización do queixo de que se trate.
- e) Non permitirán a fixación de prezos, incluídos os fixados con carácter indicativo ou de recomendación.
- f) Non bloquearán unha porcentaxe excesiva do produto de que se trate, que doutro xeito quedaría dispoñible.
- g) Non darán lugar a discriminación, suporán un obstáculo para os novos operadores do mercado nin afectarán negativamente os pequenos produtores.
- h) Contribuirán a manter a calidade ou o desenvolvemento do produto de que se trate.
- i) Aplicaranse sen prexuízo do artigo 149 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

2. As autoridades competentes realizarán controis para garantir o cumprimento do punto 1 deste artigo, e poderán derrogar as normas aprobadas cando se comprobe que non se cumpriron as ditas condicións.

## CAPÍTULO VII

### Control e réxime sancionador

Artigo 33. *Control oficial.*

1. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e a Axencia de Información e Control Alimentarios, no ámbito das súas competencias e en colaboración coas comunidades autónomas, establecerán un plan de controis para comprobar o cumprimento deste real decreto, que incluírá, entre outros aspectos:

- a) A porcentaxe de controis administrativos e sobre o terreo que se van realizar.
- b) As pautas para a realización dos controis oficiais.

2. Os controis poderán realizarse sobre o produtor, sobre o comprador do leite ou ben sobre as organizacións, as asociacións, as organizacións interprofesionais recoñecidas en aplicación do presente real decreto e os grupos de operadores a que se refiren o artigo 3.2 e o artigo 49.1 do Regulamento (CE) n.º 1151/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de novembro.

3. Estes controis poderanse compatibilizar con calquera outro realizado pola mesma autoridade competente e sen prexuízo da eventual aplicación da normativa de competencia.

Artigo 34. *Réxime sancionador.*

En caso de incumprimento do presente real decreto será de aplicación o réxime sancionador establecido na Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria; na Lei 6/2015, do 12 de maio, de denominacións de orixe e indicacións xeográficas protexidas de ámbito territorial supraautonómico, no que se refire ao réxime sancionador en materia de declaracións obrigatorias de entregas de leite cru e contratos, así como da oferta e o resto de normativa aplicable para o efecto, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou administrativas doutra orde que poidan concorrer.

Artigo 35. *Colaboración entre administracións públicas.*

1. As distintas administracións públicas competentes axustarán as actuacións que desenvolvan no marco do previsto neste real decreto aos principios de información mutua, de cooperación e de colaboración.

2. Así mesmo, as administracións públicas competentes garantirán, na aplicación do presente real decreto, o cumprimento da normativa vixente sobre garantía da unidade de mercado, adoptando para iso as medidas normativas, de cooperación e de colaboración que resulten precisas no exercicio das súas competencias propias.

3. En caso de que, no desenvolvemento das súas actividades de control, as autoridades competentes das comunidades autónomas detecten incumprimentos doutros aspectos non relacionados coa obriga de contratación, regulados na Lei 12/2013, do 2 de agosto, porano en coñecemento da Axencia de Información e Control Alimentarios, en caso de que, en aplicación do artigo 26 da citada lei, se trate de incumprimentos competencia da Administración xeral do Estado.

Disposición adicional primeira. *Excepcións.*

As excepcións previstas neste real decreto para as cooperativas faranse extensivas ás sociedades agrarias de transformación (SAT), por concorreren sobre elas características análogas ás das cooperativas e seren ambas as dúas fórmulas asociativas do sector agrario que, diferenciándose das estruturas clásicas mercantís ou de capital, asocian directamente os titulares das explotacións agrícolas ou gandeiras.

Disposición adicional segunda. *Organización Interprofesional Láctea.*

A Organización Interprofesional Láctea, recoñecida mediante a Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais, entenderase como organización interprofesional para os efectos do artigo 157 do Regulamento n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro.

Disposición transitoria primeira. *Organizacións e asociacións recoñecidas.*

As organizacións e asociacións recoñecidas con anterioridade á entrada en vigor do presente real decreto manterán o citado recoñecemento e as que non cumpran algún dos requisitos exigibles de acordo co capítulo III deste real decreto disporán dun prazo de seis meses para adaptarse a estes.

Disposición transitoria segunda. *Contratos en vigor.*

Os contratos subscritos con data anterior á entrada en vigor do presente real decreto serán válidos ata a súa finalización e, en todo caso, como máximo, ata un ano despois da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. *Prolac.*

Os datos que constan no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo coa Orde ARM/3159/2011, do 11 de novembro, polo que se regula o Rexistro nacional de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de leite, exportaranse automaticamente á base de datos Prolac regulada no capítulo III deste real decreto.

Disposición derogatoria. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas, coa entrada en vigor desta norma, as seguintes disposicións:

a) O Real decreto 1363/2012, do 28 de setembro, polo que se regula o recoñecemento das organizacións de produtores de leite e das organizacións interprofesionais no sector lácteo e se establecen as súas condicións de contratación.

b) A Orde ARM/3159/2011, do 11 de novembro, pola que se regula o Rexistro nacional de organizacións e asociacións de organizacións de produtores de leite.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra.*

O Real decreto 319/2015, do 24 de abril, sobre declaracións obrigatorias que deben efectuar os primeiros compradores e produtores de leite e produtos lácteos de vaca, ovella e cabra, queda modificado como segue:

Un. A alínea b) do artigo 2 queda redactada como segue:

«b) Produtor: será produtor, de acordo coa Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, a persoa física ou xurídica, ou grupo de persoas físicas ou xurídicas, independentemente do réxime xurídico, que exerza a súa actividade na produción gandeira e que sexa titular dunha explotación gandeira dedicada á produción láctea destinada á venda.»

Dous. Engádense os seguintes puntos no artigo 3:

«4. Os datos contidos en Infolac poderán ser utilizados para solicitar a información necesaria para a elaboración, o seguimento e o control de extensións de norma no sector lácteo realizadas segundo o disposto na Lei 38/1994, do 30 de decembro, reguladora das organizacións interprofesionais agroalimentarias e na súa normativa de desenvolvemento.

5. Así mesmo, os datos contidos en Infolac poderán utilizarse para elaborar estatísticas que acheguen transparencia ao sector.»

Tres. Engádese o seguinte artigo 6 bis:

«Artigo 6 bis. *Declaracións obrigatorias complementarias que deben efectuar os primeiros compradores de leite de vaca, ovella e cabra.*

1. Sen prexuízo das declaracións obrigatorias exixidas en virtude do artigo 6 deste real decreto, os primeiros compradores deberán presentar nos primeiros vinte días do mes a declaración, mediante os procedementos informáticos establecidos para o efecto, onde se contabilicen todas as cantidades de leite non transformado vendidas, con indicación do importe correspondente a elas no mes inmediatamente anterior, mesmo no suposto de non ter realizado vendas. Nese caso, a cantidade reflectida será «0».

2. Para tal fin, a declaración comprenderá as cantidades totais mensuais vendidas a cada comprador e o prezo medio ponderado recibido de cada comprador en tales vendas, sen incluír nel o IVE nin outros impostos, segundo o modelo establecido no anexo VI.

3. Esta obriga non será aplicable ás vendas realizadas por un primeiro comprador a empresas do mesmo grupo empresarial.»

Catro. Os anexos II, III, IV, V e VI quedan redactados como segue:

### ANEXO II

#### Declaración mensual de primeiros compradores de leite de vaca

ANO:

MES:

#### DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

#### DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>1</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

(\*)

Litros entregados	Identificador nº contrato 1 <sup>2</sup>
Litros entregados	Identificador nº contrato 2

MEDIA MATERIA GRAXA <sup>3</sup> (% con dous decimais)	MEDIA PROTEÍNA <sup>4</sup> (% con dous decimais)	IMPORTE TOTAL ABOADO <sup>5</sup> (€ con dous decimais)

<sup>1</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>2</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao rexistro deste.

<sup>3</sup> Porcentaxe (%) de materia graxa: é a cantidade de materia graxa que forma parte da composición do leite, expresada en tanto por cento en peso con dous decimais. Indicarase a media de materia graxa ponderada correspondente ao mes de que se trate segundo a información contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>4</sup> Porcentaxe (%) de proteína: expresa o contido de proteína do leite. Indicarase a media de proteína correspondente ao mes de que se trate segundo a información contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>5</sup> Importe aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta as bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

(\*) Consignarase só a información de dous contratos cando un deles finalice antes do último día do mes.

## ANEXO III

## Declaración mensual de primeiros compradores de leite de ovella

ANO:

MES:

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>6</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

(\*)

Litros entregados (A)	Identificador nº contrato 1 <sup>7</sup>
Litros entregados	Identificador nº contrato 2

Valor medio mensual do grao <sup>8</sup> (% con dous decimais)	Importe total aboado <sup>9</sup> (B) (€ con dous decimais)	Importe medio (€/l) <sup>10</sup> (B/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo <sup>11</sup> (€ con dous decimais)

<sup>6</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>7</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

<sup>8</sup> Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectograos, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>9</sup> Importe total aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta as bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

<sup>10</sup> O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

<sup>11</sup> Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectograo: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

(\*) Consignarase só a información de dous contratos cando un deles finalice antes do último día do mes.



## ANEXO IV

## Declaración mensual de primeiros compradores de leite de cabra

ANO: MES: 

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRODUTOR QUE REALIZA AS ENTREGAS

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>12</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

(\*)

Litros entregados (A)	Identificador nº contrato 1 <sup>13</sup>
Litros entregados	Identificador nº contrato 2

Valor medio mensual do grao <sup>14</sup> (% con dous decimais)	Importe total aboado <sup>15</sup> (B) (€ con dous decimais)	Importe medio (€/l) <sup>16</sup> (B/A) (€ con dous decimais)	Euros/hectograo <sup>17</sup> (€ con dous decimais)

<sup>12</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

<sup>13</sup> Farase constar o número de contrato que asigne a base de datos de contratos cando se proceda ao seu rexistro.

<sup>14</sup> Grao: punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ) de graxa máis proteína de cada litro de leite de ovella e cabra. Este valor pode ir referido en hectograos, que é o valor porcentual en 100 litros de leite. Indicarase a media mensual ponderada das compras de leite correspondentes ao mes de que se trate contida nos boletíns de análises realizadas conforme a normativa en vigor.

<sup>15</sup> Importe total aboado ao produtor: será a cantidade aboada ao produtor exclusivamente pola compra de leite, tendo en conta as bonificacións e penalizacións por calidade ou outros conceptos e excluindo o imposto sobre o valor engadido ou o imposto xeral indirecto canario.

<sup>16</sup> O importe medio aboado en euros/litro será o resultado de dividir o importe total aboado entre a cantidade de litros entregados.

<sup>17</sup> Prezo por grao: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a un litro de leite. Prezo por hectograo: prezo por cada punto porcentual de extracto seco queixeiro (ESQ), de graxa e proteína, referido a 100 litros de leite.

(\*) Consignarase só a información de dous contratos cando un deles finalice antes do último día do mes.

## ANEXO V

## Folla resumo de vendas directas

*Declaración anual obrigatoria de leite comercializado polos produtores*

ANO:

ESPECIE: VACA  OVELLA  CABRA

IDENTIFICACIÓN DO PRODUTOR:

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	CÓDIGO REGA <sup>18</sup>	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA
TELÉFONO	FAX		CORREO ELECTRÓNICO					

LITROS DE LEITE DESTINADOS Á VENDA DIRECTA (inclúense o leite vendido directamente ao consumo e os litros de leite transformados en produtos lácteos)

MESES	LITROS
XANEIRO	
FEBREIRO	
MARZO	
ABRIL	
MAIO	
XUÑO	
XULLO	
AGOSTO	
SETEMBRO	
OUTUBRO	
NOVEMBRO	
DECEMBRO	

<sup>18</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de produción de leite.

## ANEXO VI

## Declaración mensual complementaria de primeiros compradores

ANO: MES: ESPECIE: VACA  OVELLA  CABRA 

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO PRIMEIRO COMPRADOR (VENDEDOR)

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

## DATOS IDENTIFICATIVOS DO COMPRADOR (CLIENTE)

DNI/NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL	DOMICILIO	LOCALIDADE	MUNICIPIO	C.P.	PROVINCIA	C. AUTÓNOMA

LITROS VENDIDOS	IMPORTE TOTAL ABOADO (€ con dous decimais)

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo.*

O Real decreto 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 7 quedan redactados como segue:

«1. No caso das mostras obrigatorias establecidas no artigo 5, realizaranse as seguintes análises: punto crioscópico, graxa, proteína, extracto seco magro, células somáticas, colonias de xermes a 30° C e presenza de residuos de antibióticos, salvo no caso dos centros de transformación de pequena capacidade, en que só se realizarán as análises de células somáticas, colonias de xermes a 30° C e presenza de residuos de antibióticos.

2. Todos os resultados analíticos das mostras que sexan analizadas en cumprimento do artigo 5 deberá comunicalas o laboratorio de análises:

a) Ao titular da explotación onde tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, os resultados analíticos do punto crioscópico, graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», os resultados analíticos de células somáticas, colonias de xermes a 30° C e presenza de residuos de antibióticos.

3. Para a validez dos resultados analíticos da determinación do punto crioscópico admitirase un valor ou valores medios por área xeográfica obtidos a partir dun histórico contrastable do laboratorio de análises e do laboratorio oficial da comunidade autónoma.

4. Os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación, onde tomaron as mostras, e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega: as medias aritméticas mensuais para os parámetros de graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», a media xeométrica móbil mensual de células somáticas, observada durante un período de tres meses con, polo menos, unha mostra válida ao mes.

c) Á «base de datos Letra Q», a media xeométrica móbil mensual de colonias de xermes a 30° C, observada durante un período de dous meses con, polo menos, dúas mostras válidas ao mes.»

Dous. O artigo 16 queda redactado como segue.

«Artigo 16. *Información desde os laboratorios de análises.*

1. Os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación onde se tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, para cada mostra de leite recibido nun prazo máximo de dous días hábiles desde o momento de recepción da mostra no laboratorio, os datos mínimos que figuran na epígrafe A.1 do anexo VII, relativos ás análises dos parámetros de punto crioscópico, graxa, proteína e extracto seco magro, salvo que o método de análise requira un tempo de realización superior ou por causas debidamente xustificadas.

b) Á «base de datos Letra Q», para cada mostra de leite recibida nun prazo máximo de dous días hábiles desde o momento de recepción da mostra no laboratorio, os datos mínimos que figuran na epígrafe A do anexo VII, relativos ás análises de células somáticas, colonias de xermes a 30° C e presenza de residuos de antibióticos, a excepción do especificado no punto 2 seguinte, e salvo que o método de análise requira un tempo de realización superior ou por causas debidamente xustificadas.

2. Antes do día 10 de cada mes, os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación onde se tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, os datos mínimos que figuran na epígrafe B do anexo VII relativos ás mostras tomadas na explotación o mes anterior, das medias aritméticas dos parámetros de graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», os datos mínimos que figuran na epígrafe B do anexo VII relativos ás mostras tomadas na explotación o mes anterior, das medias xeométricas móbiles dos parámetros: células somáticas e colonias de xermes a 30° C.»

Tres. A alínea b) do anexo IX queda redactada como segue:

«b) Mediante a técnica de citometría de fluxo con analizadores automáticos de recuento de bacterias, coas seguintes condicións:

– O resultado dos laboratorios expresarase en IBC/ml (siglas correspondentes ao recuento individual de bacterias por mililitro).

- Ás mostras deberán incluírles azidiol na toma de mostras.
- Para verificar o cumprimento do límite legal de 100.000 UFC/ml (siglas correspondentes a unidades formadoras de colonias por mililitro), as autoridades competentes usarán como relación de conversión a seguinte ecuación:

$$y = 0,850 x + 0,185$$

Onde:

- y = log unidades formadoras de colonias (UFC)/ml.
- x = log reconto individual de bacterias (IBC) /ml.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra.*

O Real decreto 752/2011, do 27 de maio, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os axentes do sector de leite cru de ovella e cabra, queda modificado como segue:

Un. Os puntos 1, 2, 3 e 4 do artigo 7 quedan redactados como segue:

«1. No caso das mostras obrigatorias establecidas no artigo 5, realizaranse as seguintes análises: punto crioscópico, graxa, proteína, extracto seco magro, colonias de xermes a 30° C e presenza de residuos de antibióticos, salvo no caso dos centros de transformación de pequena capacidade, en que só se realizarán as análises de colonias de xermes a 30° C e da presenza de residuos de antibióticos.

2. Todos os resultados analíticos das mostras que sexan analizadas en cumprimento do artigo 5 deberán ser comunicados polo laboratorio de análises:

a) Ao titular da explotación onde tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, os resultados analíticos do punto crioscópico, graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», os resultados analíticos de colonias de xermes a 30° C e a presenza de residuos de antibióticos.

3. Para a validez dos resultados analíticos da determinación do punto crioscópico admitirase un valor ou valores medios por área xeográfica obtidos a partir dun histórico contrastable do laboratorio de análises e do laboratorio oficial da comunidade autónoma.

4. Os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación onde tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega: as medias aritméticas mensuais para os parámetros de graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», as medias mensuais para o seguinte parámetro:

Colonias de xermes a 30° C, a media xeométrica móbil, observada durante un período de dous meses con, polo menos, dúas mostras válidas ao mes.»

Dous. O artigo 16 queda redactado como segue:

«Artigo 16. *Información desde os laboratorios de análises.*

1. Os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación onde se tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, para cada mostra de leite cru de explotación ou de cisterna recibida no laboratorio de análises, nun prazo máximo de dous días hábiles desde o momento de recepción da mostra no laboratorio, os datos

mínimos que figuran no punto 1 do anexo VII, relativos ás análises dos parámetros de punto crioscópico, graxa, proteína e extracto seco magro, salvo que o método de análise requira un tempo de realización superior ou por causas debidamente xustificadas.

b) Á «base de datos Letra Q», para cada mostra de leite cru de explotación ou de cisterna recibida no laboratorio de análises, nun prazo máximo de dous días hábiles desde o momento de recepción da mostra no laboratorio, os datos mínimos que figuran nos puntos 1 e 2 do anexo VII, as colonias de xermes a 30° C e a presenza de residuos de antibióticos, a excepción do especificado no punto 2 seguinte e salvo que o método de análise requira un tempo de realización superior ou por causas debidamente xustificadas.

2. Antes do día 10 de cada mes, os laboratorios de análises deberán calcular e comunicar:

a) Ao titular da explotación onde se tomaron as mostras e ao responsable do centro lácteo en que se realizou a primeira entrega, os datos mínimos que figuran no punto 3 do anexo VII, relativos ás mostras tomadas na explotación o mes anterior das medias aritméticas dos parámetros graxa, proteína e extracto seco magro.

b) Á «base de datos Letra Q», os datos mínimos que figuran no punto 3 do anexo VII, relativos ás mostras tomadas na explotación o mes anterior das medias xeométricas móbiles de colonias de xermes a 30° C.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O presente real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, que reserva ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

Disposición derradeira quinta. *Facultade de desenvolvemento e modificación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para adaptar ás exigencias derivadas da normativa europea os anexos e as datas e os prazos deste real decreto.

Disposición derradeira sexta. *Gastos de funcionamento.*

O disposto neste real decreto non suporá incremento de dotacións, retribucións, axudas ou outros gastos de persoal. Así mesmo, a creación e o funcionamento do rexistro creado no artigo 20 non suporán incremento do gasto público e será atendido cos medios persoais e materiais existentes no Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de marzo de 2019.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación  
LUIS PLANAS PUCHADES

## ANEXO I

## Datos mínimos da oferta e do contrato

1. Identificación das partes, incluído o código de explotación do produtor.
2. Obxecto do contrato.
3. Prezo que se pagará pola subministración, que poderá ser:
  - Fixo
  - Variable, e calcularase combinando varios factores establecidos no contrato, que poden incluír indicadores de mercado que reflectan os cambios nas condicións do mercado, o volume subministrado e a calidade ou composición do leite cru subministrado ou
  - Mixto, incluíndo unha parte fixa e outra variable.

En todos os casos os prezos poderán incluír ademais un axuste en función de primas dependentes de factores como o volume subministrado, a calidade fisicoquímica ou hixiénico-sanitaria, ou outros parámetros.

4. Volume en litros que debe ser subministrado<sup>19</sup>: incluírase a marxe de tolerancia en porcentaxe, que non poderá ser superior ao 10 %.

<sup>19</sup> No caso de contratos indefinidos, o volume consignado será o correspondente a un ano.

Faranse figurar diferenciadamente os volumes de leite pagados a prezos diferentes, así como os destinados á produción de produtos lácteos sometidos á figura de calidade diferenciada (produción ecolóxica, produción integrada, DOP, IXP ou ETG) dos volumes non destinados a estas producións, asociado cada un aos seus correspondentes prezos, e indícarase, pola súa vez, se son fixos, variables ou mixtos.

5. Calendario de subministracións. Deberá indicarse, cando menos, a frecuencia de subministración ou recollida do leite. Pode referirse, por exemplo, ao prazo máximo (días) posmudura.

6. Duración do contrato e data de entrada en vigor. Deberá especificarse a duración, que no caso dos contratos asinados entre un produtor e un comprador deberá ser, como mínimo, dun ano, sen prexuízo do establecido no punto 3 do artigo 4. Admitirase un contrato de duración indefinida.

7. Condicións para a renovación, a modificación e a prórroga, se é o caso.

8. Condicións de pagamento: prazos e procedementos, segundo o establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais:

Prazo: debe indicarse o prazo máximo para o pagamento e os xuros aplicables en caso de demora.

Procedemento: debe indicarse a forma de pagamento: transferencia, cheque, e a data en que terá lugar (por exemplo, «antes do día..... de cada mes»).

9. Modalidades de recollida ou subministración.

Segundo onde teña lugar o cambio de propiedade do leite:

- En orixe: a recollida do leite realízase nas instalacións do subministrador.
- En destino: o transporte do leite é tramitado polo subministrador para o seu depósito nas instalacións do comprador.

10. Regras aplicables en caso de forza maior. Indícaranse os casos de forza maior e as regras que se aplicarán neste caso.

11. Dereitos e obrigas das partes contratantes.

12. Causas, formalización e efectos da extinción.

13. Cláusula de rescisión, no caso de contratos de duración indefinida.

## ANEXO II

### Datos mínimos do contrato que debe comunicar o comprador á base de datos Infolac

#### IDENTIFICACIÓN DO COMPRADOR DECLARANTE:

- DNI ou NIF.
- Apelidos e nome ou razón social.
- Domicilio, localidade, municipio, código postal, comunidade autónoma.

#### IDENTIFICACIÓN DO PRODUTOR:

- DNI ou NIF.
- Apelidos e nome ou razón social.
- Domicilio, localidade, municipio, código postal, comunidade autónoma.
- Código REGA da explotación<sup>20</sup>.

<sup>20</sup> Consignarase un único código REGA por produtor, que será aquel en que se produza a maior porcentaxe de entregas declaradas.

#### DATOS POR REXISTRO:

- Data de presentación da primeira oferta de contrato.
- Renuncia do produtor á duración mínima dun ano: si/non.
- Data de inicio de vixencia.
- Data de finalización de vixencia.
- Tipo de contrato segundo a duración:
  - Contrato de duración determinada: teñen pactada a data de finalización, esta será de carácter fixo e non pode ser modificada nin prorrogada.
  - Contrato prorrogable automaticamente: irase prorrogando por períodos de tempos e volumes iguais ao indicado no momento da súa sinatura.
  - Contrato indefinido: sen data de finalización.
  - Especie.
  - Volume contratado (litros) a prezo fixo, volume (litros) contratado a prezo variable, volume (litros) contratado a prezo mixto<sup>21</sup>.
  - Volume contratado (litros) en producións con calidade diferenciada (producción ecolóxica, produción integrada, DOP, IXP ou ETG) e tipo de prezo (fixo, variable, mixto).
  - Tolerancia do volume contratado (%).

<sup>21</sup> Rexistrarse o volume correspondente á duración total do contrato, salvo nos casos dos contratos indefinidos, nos cales se consignará o correspondente a un ano.

## ANEXO III

### Requisitos mínimos que cumprirá unha parte dunha entidade xurídica para obter o recoñecemento como organización de produtores no ámbito do artigo 161 do Regulamento (CE) n.º 1308/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 17 de decembro

- a) Posuír uns estatutos ou un regulamento de réxime interno, elevados á escritura pública ou visados polo órgano competente no seu recoñecemento e avalados por un acordo da Asemblea Xeral da cooperativa/SAT en que se especifique que non vai entrar en ningún momento a cuestionar as decisións da OP do sector lácteo, e que, para revogalo ou modificalo, cumprirá unha maioría suficiente da propia parte.



b) O regulamento de réxime interno da parte deberá recoller de xeito expreso a prohibición de adoptar acordos contrarios á lei, aos estatutos da entidade a que pertence ou ao interese xeral desa entidade.

c) Os estatutos deberán establecer que as decisións relativas ao recoñecemento, ao funcionamento e ás actuacións como organización de produtores serán adoptadas directamente pola asemblea da parte.

d) A contabilidade da entidade a que pertence a parte deberá permitir diferenciar a actividade desta.

#### ANEXO IV

##### Producción comerciable mínima

	Península	Illes Balears, Canarias e denominacións de calidade <sup>1</sup>
Vaca .....	200.000 toneladas	10.000 toneladas
Ovella .....	30.000 toneladas	1.000 toneladas
Cabra .....	30.000 toneladas	1.000 toneladas

<sup>1</sup> Inclúe as seguintes denominacións de calidade: indicacións xeográficas protexidas, denominacións de orixe protexidas, especialidades tradicionais garantidas, gandaría ecolóxica e gandaría integrada.

#### ANEXO V

##### Documentación mínima que se deberá incluír na solicitude

1. Acreditación do representante legal da organización.
2. Documentación acreditativa da personalidade xurídica da entidade.
3. Relación dos NIF dos titulares das explotacións e dos códigos REGA das explotacións pertencentes aos produtores da organización, por especies.
4. Declaración da organización en relación con que dispón dos compromisos individuais dos produtores integrantes de permanencia polo menos dous anos na organización e de comunicación de baixa no prazo establecido pola organización.
5. Declaración da organización en relación con que se realiza a posta no mercado do leite a través da súa propia estrutura ou non.
6. Copia dos estatutos da organización.
7. Memoria descritiva das funcións que pretende desenvolver e dos medios humanos e materiais de que dispón.
8. Sé é o caso, declaración da organización en relación con que dispón dos mandatos e compromisos individuais dos produtores integrantes para realizar a negociación dos contratos.
9. Funcións para as cales solicita o recoñecemento.

De conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, se na solicitude se conteñen datos persoais que consten en poder das administracións públicas, o órgano destinatario da solicitude poderá efectuar, no exercicio das súas competencias, as verificacións necesarias para comprobar a exactitude dos datos.